

arenaria

VISITA AO XARDÍN BOTÁNICO ARTÍSTICO (XBA) DE PADRÓN

GUIÓN

INTRODUCCIÓN

Recoñecido como Ben de Interese Cultural e nas categorías de Xardín Histórico e de Monumento Artístico Nacional, este espazo verde é un dos xardíns botánicos máis antigos de España (segunda metade do séc. XIX) e con pertenza ao Patrimonio Artístico.

Unha hectárea de terreno que conta cunha singular diversidade de flora (preserva centenares de especies, varias das cales están incluídas no Catálogo Galego de Árboles Senlleiras) e unha destacada xardiñería xeométrica.

Nel tamén están presentes figuras destacadas do mundo literario como o único Premio Nobel galego, Camilo José Cela, a muller galega máis internacional, Rosalía de Castro, o trovador Macías O Namorado ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, escritores latentes tamén neste espazo.

OBXECTIVO

Poñer en valor este espazo botánico artístico desde unha perspectiva científica e combinando aprendizaxe con diversión.

CONTIDO XERAL

- a. Un pouco de Historia... Curiosidades.
- b. A Flora galega e a Biodiversidade neste Xardín Botánico.
- c. Especies senlleiras.
- d. Máis aló do ornamental... usos das plantas.
- e. Importancia da Conservación.

DURACIÓN: 1h 30min

arenaria

VISITA AO XARDÍN BOTÁNICO ARTÍSTICO (XBA) DE PADRÓN

GUIÓN

PERCORRIDO:

- PUNTO DE ENCONTRO: Entrada principal (*ver ubicación na nosa web*).
- 1ª PARADA: Panel Informativo.
- INICIO DO PERCORRIDO e/ou actividades propostas (2).
- REGRESO AO PUNTO INICIAL. Finalización da visita.

Apuntamento:

1. O percorrido indicado é aproximado. Podería variar en función de diferentes factores como a estación do ano, a climatoloxía, etc.
2. Durante o percorrido, sempre de xeito voluntario, os nosos guías animarán aos participantes a empregar algún material de visionado *in situ* (microscopio, lupa, etc) ou a probar algún experimento relacionado coa explicación ou recursos que se estean a coñecer.
3. As explicacións e materiais estarán adaptados ao grupo destinatario.
4. O mapa/plano do Xardín Botánico Artístico (XBA) está na nosa web en formato descargable.
5. O XBA é un espazo accesible a usuarios/as en cadeira de rodas.

